

[Escribir texto]

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE ESO

ÁREA DE INGLÉS

CURSO ESCOLAR 2018-2019

C.P.I. XANCEDA

OS CORRILLOS, S/Nº15685 XANCEDA-MESIA (A CORUÑA)

[Escribir texto]

| | |
|---|-----|
| INDICE | 2 |
| 1 INTRODUCCIÓN : LOMCE Y COMPETENCIAS BÁSICAS | 3 |
| 2 CONTEXTO | 5 |
| 2.1 OBXECTIVOS AXEITADOS | 6 |
| 2.2 PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS NESTE PROXECTO | 7 |
| 2.3 PLAN DE INTEGRACIÓN DO PROXECTO LECTOR | 8 |
| 3 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN | |
| 3.1 1º ESO | 9 |
| 3.2 2º ESO | 63 |
| 3.3 3º ESO | 115 |
| 3.4 4º ESO | 165 |
| 4 RELACIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES POR BLOQUES: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO E COMPETENCIAS CLAVE | |
| 4.1 1º ESO | 218 |
| 4.2 2º ESO | 235 |
| 4.3 3º ESO | 254 |
| 4.4 4º ESO | 273 |
| 5 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE | 291 |
| 6 METODOLOXIA | 293 |
| 7 AVALIACION CONTINUA | 294 |
| 7.1 AVALIACION INICIAL | 295 |
| 7.2 CRITERIOS DE CUALIFICACION | 296 |
| 7.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN | 300 |
| 8 AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE | 298 |
| 9 AVALIACION DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA | 299 |
| 10 ATENCIÓN A DIVERSIDADE | 299 |
| 11 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES | 300 |
| 12 DATOS DO DEPARTAMENTO | 301 |
| ANEXOS: HOJAS INFORMATIVAS PARA EL ALUMNADO | 306 |

[Escribir texto]

1 INTRODUCCION

O presente proxecto didáctico sigue a lei de educación para a mellora da Calidade Educativa (LOMCE 8/ 2013, 9 de decembro) e ten a finalidade de conseguir que o alumnado adquira tódalas competencias marcadas pola lei centrándonos, como e lóxico, na competencia lingüística e facendo énfase nas competencias sociais e cívicas e aprender a aprender.

Tamén traballaranse intensamente o conxunto de elementos transversais recollidos pola lei no proceso de aprendizaxe, facendo énfase na igualdade de oportunidades, o rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, a defensa do medio ambiente e a o cuidado do propio corpo a través dunha dieta equilibrada e exercicio físico.

Este proxecto ten en conta un fenómeno tan evidente como é a globalización, que practicamente exige o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías.

O profesorado deberá crea-las condicións esenciais para que se produza o aprendizaxe atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á busca do desenvolvemento do talento de cada un deles.

Pola súa parte, **o alumnado debe participar de maneira activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.**

1.1COMPETENCIAS CLAVE

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía para lograr que os individuos acaden un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado

A sociedade actual, cada vez mais heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de maneira creativa e autónoma.

[Escribir texto]

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

- **Competencia en comunicación lingüística** Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade.

No caso das linguas estranxeiras significa poder comunicarse nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio.

Para o axeitado desenvolvemento desta competencia débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan: lingüístico, pragmático-discursivo, socio-cultural, estratéxico e persoal.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Trátase da importancia das matemáticas no mundo e empregar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida.

A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.

Así pois, para o acaído desenvolvemento da competencia matemática cómpre abordar catro áreas relativas aos números, a álgebra e a estatística.

- **Competencia dixital**

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíbel.

- **Aprender a aprender**

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de autoavaliarse, e o manexo eficiente dun conxunto de

[Escribir texto]

recursos e técnicas de traballo intelectual

- Competencias sociais e cívicas

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís,

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos

- Conciencia e expresións culturais

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

2 CONTEXTO

2.1 IDENTIDADE DO CENTRO, ALUMNADO

O CPI de Xanceda está no concello de Mesía que ten 3033 habitantes distribuídos en 13 parroquias.

A principal actividade económica está no sector agropecuario que marca as características do paisaxe dedicado fundamentalmente a pastos permanentes e hortas familiares. Mesía é un dos concellos da provincia da Coruña con maior número de cabezas de ganado vacún.

A actividade económica do concello complementase con industrias cerámicas e con pequenas e medianas empresas adicadas á fabricación de mobles, estruturas metálicas, confección, elaboración de pan e repostería, derivados lácteos e outras pertencentes ao sector servizos.

O Centro Público Integrado ubicado en Xanceda (A Coruña) ten ás seguintes etapas educativas: Ed. Infantil, Ed. Primaria e Ed. Secundaria Obrigatoria.

[Escribir texto]

A maioría dos alumnos acuden ó Centro en autobús escolar, viven en vivendas unifamiliares, están en contacto coa natureza e teñen un comportamento tranquilo e bo.

2. 2 OBXECTIVOS DE AREA DE INGLÉS

Esta programación ten como obxectivo desenvolver a competencia comunicativa dos alumnos, garantindo que estes asimilen as regras gramaticais da lingua inglesa e adquieran o vocabulario básico necesario para comunicarse e desenvolver as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

[Escribir texto]

- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia, propias e alleas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos demais, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Esta materia contribúe sobre todo á consecución dos obxectivos i), a), c), d), b), e), g) e j).

2.3 O PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs NESTE PROXECTO DIDÁCTICO

OBXECTIVO XERAL

A incorporación das TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe como un recurso máis ten como obxectivo a adquisición de coñecementos e habilidades para o seu uso nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer co fin de acadar unha competencia dixital.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA OS NÓSOS ALUMNOS

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.

[Escribir texto]

- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus semellantes.
- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes areas do Currículo así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

O noso principal obxectivo é potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo tanto no proceso de ensino-aprendizaxe dentro da aula como no proceso de autoaprendizaxe fóra dela. Por todo isto os nosos principios metodolóxicos baséanse en:

- Empregar todos os recursos que para este fin ten o noso centro.
- Incluir paulatinamente o uso das TIC nas actividades de aula.
- Fomentar o uso de Internet como ferramenta de consulta e de gran utilidade na busca de información.
- Concienciar ao alumnado da importancia dunha axeitada e crítica utilización de

2.4 PLAN DE INTEGRACIÓN DO PROXECTO LECTOR

O principal obxectivo do Proxecto lector é o fomento da lectura. É este o obxectivo que consideramos máis ambicioso e máis difícil de poñer en marcha porque a realidade nos di que os rapaces cada vez len menos e ven máis televisión, que soamente len por obriga. Aínda con esas dificultades e vital afrontar o reto de promover o intenso pracer da lectura. Se os alumnos collen este hábito nestas idades en que están a forxar as súas personalidades, pensamos que non as deixarán nas súas vidas.

A filosofía do Proxecto Lector defende que a lectura é unha das competencias básicas que contribúen ao desenvolvemento persoal e social do individuo. Este plan nace cos seguintes **obxectivos**:

- Fomentar o hábito lector dende a área de lingua estranxeira en todos os niveis.
- Desenvolver a comprensión lectora do modo máis harmónico e eficaz posible.

[Escribir texto]

- Desenvolver estratexias para ler con fluidez e entoación axeitadas.
- Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade.
- Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.
- Utilizar estratexias de comprensión lectora para obter información.
- Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como medio de gozo e información, ao mesmo tempo que de enriquecemento persoal.
- Utilizar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.
- Ter lido e resumido (de forma oral ou por escrito), ao termo de cada curso, polo menos un libro, así como diferentes tipos de textos de extensión variable, tanto por indicación do profesor como por iniciativa propia.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS:

- Utilizaranse libros adaptados, contos curtos ou letras de cancións como o instrumento fundamental para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas.
- Utilizarase a Biblioteca de xeito habitual como centro de recursos e apoio á aprendizaxe.
- Buscaranse e aplicarán estratexias para mellorar tanto a mecánica lectora como a comprensión.
- Consensuaranse algúns aspectos metodolóxicos de maneira que non se produza unha ruptura no proceso de aprendizaxe da lectoescritura.

3 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.

3.1 1º DE ESO

Libros de texto do alumnado:

- *New Action1 students book* e *New Action 1 workbook* Editorial Burlington
- Libros de lectura axeitados á idade e intereses dos alumnos como potenciación do Plan Lector

[Escribir texto]

Secuenciación dos contidos: A continuación se programan as nove unidades didácticas que se impartirán ao longo do curso. Se traballarán tres unidades por trimestre.

UNIDADE DE INTRODUCCIÓN

a) Obxectivos

- Aprender vocabulario relacionado co material escolar, os números naturais e ordinais, as cores, os días e os meses.
- Praticar o uso dos pronomes persoais suxeito, o verbo *to be*, as partículas interrogativas e os demostrativos *this, that, these, those*.
- escoitar, comprender e expresar varias palabras e frases relacionadas cos saúdos, as presentacións e a linguaxe de clase.
- Repasar a pronuncia en inglés do alfabeto.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Repaso do vocabulario relacionado co material escolar, os números cardinais, as cores, os números ordinais, os días da semana e os meses do ano.
- Realización de diferentes tipos de exercicios para practicar o emprego de todo o vocabulario de repaso.

Grammar

- Repaso dos verbo *to be*.
- Repaso de respostas curtas (*Yes, I am / No, I'm not*).
- Repaso dos pronomes persoais, os adxectivos demostrativos (*this, that, these, those*), e as partículas interrogativas.
- Realización de diferentes tipos de exercicios para practicar o uso de toda a gramática de repaso.

Speaking

- Repaso dos saúdos, as fórmulas de presentación e a linguaxe na aula.

[Escribir texto]

- Realización de diferentes tipos de ejercicios para practicar os saúdos e a linguaxe típica da clase.

c) Competencias clave

Comunicación lingüística:

Vocabulary relacionado co material escolar, os números cardinais e ordinais, as cores, os meses e o días da semana.

Grammar, emprego dos pronomes persoais suxeito, o verbo *to be*, as partículas interrogativas e os adxectivos demostrativos (*this, that, these, those*).

Speaking, emprego da lingua inglesa para saudar e se presentar, e para facer e contestar preguntas para interaccionar na aula co profesor/a e cos compañeiros/as. Práctica de pronuncia e diálogos.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

-*Vocabulary*, repaso dos números naturais e ordinais en inglés.

Competencia dixital:

- Emprego das imaxes e os textos que aparecen ao longo da unidade para poder realizar os exercicios que se formulan.

Competencias sociais e cívicas:

-*Speaking*, respecto polo emprego da linguaxe acaída na clase; importancia dunha actitude respectuosa cara ao profesor/a, os compañeiros/as e as rutinas da clase.

Conciencia e expresións culturais:

-*Vocabulary*, as mesturas cromáticas para crear cores novas e coñecemento das datas dalgunhas festividades.

Aprender a aprender:

- *My English Experience*, toma de conciencia do grao de coñecemento da lingua.

[Escribir texto]

- *Getting to Know Your Book*, vista xeral do tema sobre o que tratará cada unidade do libro, adianto de certa información relacionada cos devanditos temas e tradución das instrucións máis frecuentes que se atoparán nos exercicios do libro.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

-*Speaking*, emprego da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos fornecidos. Fomento do traballo colaborativo na aula.

d) Temas interdisciplinares

Bioloxía e xeoloxía:

- Os días da semana e os meses.

Lingua e literatura:

- Instrucións e preguntas típicas que se empregan na linguaxe de clase e fórmulas para se presentar aos compañeiros/as de clase.
- O verbo *to be* en afirmativa, negativa e interrogativa, e as respostas curtas.
- Pronomes persoais suxeito.
- Os adxectivos demostrativos: *this, that, these, those*.
- As partículas interrogativas.

Matemáticas:

- Os números cardinais e os ordinais (até o cen).

Valores éticos:

- Familiarización coas fórmulas axeitadas para saudar e se presentar.
- A importancia de manter unha actitude de respecto tanto cara ao profesor/a como cara aos compañeiros/as da clase.
- Aprendizaxe e respecto cadra ás quendas de palabra dentro e fóra da aula.

[Escribir texto]

- Educación plástica, visual e audiovisual:
- As cores primarias e as súas mesturas para formar cores secundarias.

Tecnoloxía:

- Formularios web para facer compras on-line.

UNIDADE 1: SOCIAL NETWORKING

a) Obxectivos

- Aprender vocabulario relacionado cos países, as nacionalidades e a familia.
- Ler de maneira comprensiva e autónoma unha enquisa sobre o emprego das redes sociais entre adolescentes.
- Practicar o emprego de *have got* e os adxectivos posesivos.
- escoitar e comprender unha conversa sobre como se rexistrar nunha rede social .
- Facer e contestar preguntas xerais e sobre información xeral.
- Escribir un perfil persoal.
- Pronuncia de sons de especial dificultade: /ti:n/ e /ti/ en “*thirteen*” e “*thirty*”.
- Pronuncia das contraccións con *to be*.

b) Contidos didácticos Vocabulary

- Nacionalidades e a familia.
- Comprensión e expresión oral dos nomes dos países e nacionalidades.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.
- Pronuncia de sons de especial dificultade: /ti:n/ e /ti/ en *thirteen* e *thirty*.
- Action!: exercicio en parellas para practicar o vocabulario visto na sección.

[Escribir texto]

Listening

- Escoitar e cubrir un formulario de rexistro.

Speaking

- Useful Language: práctica da linguaxe e expresións típicas para preguntar e dar información persoal (*When is your birthday?, What's your e-mail adress?...*)
- Realización dun exercicio de comprensión oral relacionado coa información persoal.
- Action!: exercicio en parellas para practicar mediante diálogos o tema visto na sección.

Reading

- Lectura dunha enquisa sobre redes sociais.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- Datos curiosos sobre a idade mínima para abrir unha conta nunha rede social no Reino Unido.
- Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións.

Grammar

- O verbo *have got* en afirmativa, negativa e interrogativa, e as respostas curtas.
- Adxectivos posesivos.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección a través de distintas tarefas.
- Grammar in Action!: exercicios en parellas para practicar a gramática vista na sección.

Vocabulary

- A familia.
- Comprensión e expresión oral da idade dos membros da familia.

[Escribir texto]

- Realización de varios ejercicios para practicar o vocabulario da sección.

Reading

- Lectura dun foro sobre as nacionalidades e a orixe dos nomes.
- Realización de varios ejercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto
- Culture: datos curiosos e exercicio sobre empregos dos apelidos en países de fala inglesa.
- Datos sobre apelidos escoceses que comezan por Mac ou Mc.

Listening

- Realización de varios ejercicios para responder varias preguntas sobre os anuncios.

Speaking

- Interacción oral co compañeiro/a para facer preguntais persoais empregando expresións como *What's your name?*, *How old are you?*
- Pronunciation: pronuncia correcta das contraccións co verbo *to be*.

Writing

- Abrir un perfil persoal nunha páxina web.
- Lectura dun modelo de perfil persoal e análise da súa estrutura mediante a realización dun exercicio.
- Emprego das maiúsculas.
- Culture: datos sobre familias célebres da televisión e a literatura e facer un exercicio de relacionar os personaxes coa información.
- *Dictation*: ditado sobre a unidade.
- Realización de varios xogos e actividades para practicar o inglés aprendido na unidade.

c) Competencias clave

Comunicación lingüística:

[Escribir texto]

-*Vocabulary* relacionado cos países, as nacionalidades e a familia.

-*Listening*, comprensión oral de conversas sobre o intercambio de información persoal para abrir unha conta nunha rede social.

-*Speaking*, participación en conversas e simulacións co compañeiro/a para facer e contestar preguntas e para intercambiar información persoal.

-*Grammar*, facer preguntas co verbo *have got* (afirmativa, negativa, interrogativa e despostas curtas), e emprego de adxectivos posesivos.

-*Pronunciation*, pronuncia de sons de especial dificultade: /i:/ e /i/ nos números que rematan en *-teen* e *-ty*, e das contraccións co verbo *to be*.

- *Self-Evaluation* correspondente á unidade.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

- *Uso* de Facebook no Reino Unido en cifras.

-*Grammar*, países e as súas capitais, bandeiras, divisas, linguas e nacionalidades.

- Localización de países nun mapa.

Competencia dixital:

-*Writing*, mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao escolmar e facer uso da información e as súas fontes.

-*Speaking*, respecto polas normas de conduta en interaccións na clase co profesor/a ou cos compañeiros/as ao empregar a información e as súas fontes.

-Emprego das imaxes e os textos que aparecen ao longo da unidade para poder realizar os exercicios que se formulan.

-*Everything English* Video. Práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional.

Aprender a aprender

Be the Teacher!, Check Your Progress e Self-Evaluation.

Competencias sociais e cívicas

- Respecto polas diferentes nacionalidades e polos significados de nomes de todo o mundo.

[Escribir texto]

- Culture, respecto polos costumes e tradicións doutros países.
- English in Action!, aprendizaxe das fórmulas para intercambiar información persoal.
- Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria diante da información que se presenta e diante das interaccións na aula.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos fornecidos.
- Writing*, Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos que se fornecen. Desenvolvemento organizativo para presentar un traballo escrito.

Fomento do traballo cooperativo na aula.

Conciencia e expresións culturais:

Vocabulary, nacionalidades, bandeiras, divisas e países, e emprazamento destes no mapa.

- *Culture*, interese por coñecer costumes doutros países e outros sistemas educativos

d) Temas interdisciplinares

Xeografía e historia:

- Os países, o seu emprazamento no mapa, as bandeiras, as divisas e as nacionalidades.
- Sistemas educativos doutros países.

Valores éticos:

- Aprendizaxe das fórmulas axeitadas para intercambiar información persoal.

Lingua e literatura:

- O verbo *have got* en afirmativa, negativa e interrogativa e respostas curtas.
- Os adxectivos posesivos.

[Escribir texto]

- Os sufixos -ish, -an / -n e -ese para formaren nomes de nacionalidades.

- Ditado no Workbook.

Tecnoloxía:

- Internet e as redes sociais.

UNIDADE 2: TEENS TODAY

a) Obxectivos

- Aprender vocabulario relacionado coas rutinas e as actividades de tempo libre.
- Ler de maneira comprensiva e autónoma unha sondaxe sobre o emprego de smartphones e un artigo de revista sobre o Waldorf School.
- Praticar o emprego do *Present Simple* en afirmativa e do xenitivo saxón.
- escoitar e comprender unha enquisa sobre os bos e malos costumes.
- Falar sobre rutinas e comparalas, e tamén sobre as actividades do tempo de lecer.
- Escribir unha entrada de blog sobre o teu día preferido da semana.
- Identificar e pronunciar axeitadamente a terminación dos verbos na 3ª persoa singular do presente: /s/, /z/ e /iz/.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Vocabulario relacionado con rutinas cotiás e as horas.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.

Listening

- Comprensión oral sobre bos e malos costumes.
- Realizar un inquérito contestando verdadeiro ou falso sobre se teñen bos ou malos costumes.

[Escribir texto]

Speaking

- Useful Language: práctica da linguaxe e expresións típicas para falar sobre as rutinas cotiás e as horas (*I do homework at... , I have dinner at...*).
- Realización dun exercicio de comprensión oral para falar sobre as rutinas cotiás.
- Action!: exercicio en parellas para practicar mediante diálogos o tema visto na sección.

Reading

- Lectura dun artigo de sondaxe de opinión sobre os smarthphones.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- Identificación no texto de palabras clave mediante a identificación das súas definicións.

Grammar

- Narración das actividades habituais mediante o *Presente Simple*, o seu emprego e a súa estrutura, e as expresións temporais (*every day, afternoon, on Mondays...*) e os adverbios de frecuencia (*always, usually, often*) que a acompañan.
- Estrutura do xenitivo saxón para expresar posesións.
- Uso axeitado da gramática que se viu ao longo da sección a través de distintas tarefas.
- Culture: as horas das comidas varían entre países. Comparanza entre Reino Unido e Galicia.
- *Grammar in Action!*: exercicios en parellas para practicar a gramática vista na sección.

Vocabulary

- Actividades do tempo de lecer.
- Aplicación do vocabulario e a gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.

Reading

[Escribir texto]

- Lectura dun artigo de revista sobre o método escolar Waldorf.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- *Did You Know?:* datos curiosos sobre escolas Waldorf en España.
- *Action!:* realización dunha enquisa na clase para saber cantas horas pasan os compañeiros/as diante do ordenador.

Listening

- Comprensión oral dunha conversa sobre rutinas cotiás e actividades.
- Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre o contido da conversa.

Speaking

- Pronuncia correcta da 3ª persoa dos verbos */s/ likes; /z/ plays e /Iz/ watches.*
- Actividades sobre o contido aprendido na sección.
- *Action!:* exercicio en parellas para practicar mediante diálogos o tema visto na sección.

Writing

- Análise da estrutura dos contidos dunha entrada nun blog.
- Lectura dun modelo de blog.
- Writing, uso das preposicións de tempo para falar de actividades e rutinas.
- Realización de varios xogos e actividades para practicar o inglés aprendido na unidade.
- Realización dun inquérito contestando verdadeiro ou falso a varias preguntas sobre datos arredor da saúde e a tecnoloxía.
- *Did You Know?:* datos curiosos sobre móbiles e o seu emprego.

c) Competencias clave

Comunicación lingüística:

[Escribir texto]

-*Vocabulary*, relacionado coas rutinas cotiás e as actividades do tempo de lecer.

-*Listening*, comprensión oral sobre bos e malos hábitos, e as actividades do tempo de lecer favoritas do alumnado.

-*Speaking*, participación en conversas e simulacións co compañeiro/a sobre rutinas cotiás e as actividades do tempo de lecer.

-*Grammar*, uso do Present Simple en afirmativa e o xenitivo saxón. Adverbios de frecuencia e expresións de tempo.

-*Reading*, comprensión escrita e unha sondaxe de Internet sobre o emprego que fan os adolescentes dos teléfonos móbiles e un artigo de revista sobre o Walford School, un colexio que non emprega a tecnoloxía como ferramenta de estudo.

-*Pronunciation*, as *silent letters* e a pronuncia da terminación dos verbos na 3ª persoa singular do presente : /s/, /z/ e /iz/.

-*Writing*, redacción dunha entrada de blog empregando as expresións e vocabulario axeitados. Reflexión sobre o emprego das preposicións de tempo.

Self-Evaluation

Competencia dixital:

- *Culture*, a relación entre a tecnoloxía e a saúde. Hábitos e tarefas que se levan a cabo mentres se ve a televisión ou se está diante do ordenador. Consecuencias negativas para a saúde á hora de empregar os teléfonos intelixentes: a radiación e mais a artrite.
- Reading, reflexión ao escolmar e facer uso da información e as súas fontes.
- Uso das imaxes e os textos que aparecen ao longo da unidade para poder realizar os exercicios que se formulan.
- Everything English Video: reprodución do capítulo 2. Práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional.

Competencia matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía:

- Reading, as consecuencias positivas e negativas do emprego da tecnoloxía na vida cotiá dos/as adolescentes.
- Culture Magazine, información sobre os usuarios de móbiles arredor do mundo.

Aprender a aprender:

[Escribir texto]

- *Be the Teacher!, Check Your Progress e Self-Evaluation*. Reflexión sobre os propios éxitos e fracasos.

Competencias sociais e cívicas:

- *Reading*, coñecer información sobre o emprego por parte dos adolescentes europeos e estadounidenses dos teléfonos intelixentes, e interesarse pola información e respectar as decisións do proxecto educativo dos colexios Waldorf sobre o non emprego das tecnoloxías no centro.
- *Speaking*, respecto polas quendas de palabra e as rutinas da clase. Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria diante da información que se presenta e as interaccións na aula.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

- *Listening*, realización dunha enquisa sobre hábitos e rutinas persoais.
- *Speaking*, uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos fornecidos. Fomento do traballo cooperativo na aula.
- *Writing*, uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos que se fornecen. Desenvolvemento organizativo para presentar un traballo escrito.
- *Self-Evaluation*, mostra de autonomía á hora de valorar o nivel de logro dos obxectivos da unidade.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

Conciencia e expresións culturais:

- *Culture*, coñecemento de aspectos culturais como os horarios das comidas no Reino Unido ou que nalgúns países o alumnado vaia ao colexio seis días á semana.
- *Culture Magazine*, emprego de abreviaturas nos países de fala inglesa á hora de enviar mensaxes de texto.

d) Temas interdisciplinares

Educación física:

[Escribir texto]

- Importancia da práctica habitual ou rutineira dalgún exercicio físico, de non abusar dos teléfonos móbiles e de non mirar en exceso a televisión.
- O emprego das tecnoloxías e as consecuencias negativas na saúde.

Valores éticos:

- Respetto polas rutinas e actividades dos outros.
- Familiarización coas fórmulas axeitadas para falar de actividades e rutinas.
- Importancia da realización de actividades fóra do horario escolar por pracer e como enriquecemento persoal.
- Reflexión sobre as diferenzas culturais en canto á escolla de actividades extraescolares en diferentes países.
- Importancia de manter unha actitude de respecto co profesor/a e cos compañeiros/as da clase.
- Aprendizaxe e respecto polas quendas de palabras dentro e fóra da aula.

Lingua e literatura:

- O *Present Simple* en afirmativa.
- O xenitivo saxón.
- As preposicións de tempo.
- As abreviaturas nas mensaxes de texto.

Tecnoloxía:

- As sondaxes en Internet.
- Os blogs.

UNIDADE 3: ALL ABOUT ANIMALS

a) Obxectivos

- Aprender vocabulario sobre animais e partes do corpo.

[Escribir texto]

- Ler de maneira comprensiva e autónoma unha páxina web sobre unha historia inusual entre unha modelo e o océano e dunha guía de televisión sobre a axuda duns golfinhos a uns pescadores.
- Practicar o uso do *Present Simple* en negativa e interrogativa.
- escoitar e comprender un programa de radio sobre a escolla dun animal de compañía e unha conversa sobre os animais do zoo.
- Falar sobre animais de compañía e describir animais.
- Escribir un informe sobre un animal reparando na puntuación.
- Pronuncia das partículas interrogativas e entoación das frases.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Vocabulario relacionado cos animais e partes do corpo.
- Comprensión e expresión oral do vocabulario da sección.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.
- *Action!*: exercicio relacionado cos animais.

Listening

- Comprensión oral dun programa de radio sobre a escolla dun animal de compañía.
- Comprensión oral dunha conversa sobre os animais do zoo.
- Contestar varias preguntas relacionadas coa conversa que escoitaron.

Speaking

- Useful Language: práctica da linguaxe e expresións típicas para falar sobre animais de compañía (*Have you got a pet? When does it sleep?*).
- Interacción oral co compañeiro/a para falar dos animais.

[Escribir texto]

- Pronunciation: pronuncia correcta das partículas interrogativas e entoación das frases.
- Action!: exercicio en parellas para practicar mediante diálogos o tema visto na sección.

Reading

- Lectura dunha páxina web sobre o mundo animal.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- Environment: datos curiosos e interesantes sobre animais extinguidos ou en perigo de extinción.

Grammar

- *Present Simple*. Emprego e formación da negativa e a interrogativa, e as respostas curtas. Expresións temporais e adverbios de frecuencia.
- Uso axeitado da gramática que se viu ao longo da sección a través de distintas tarefas.
- Grammar in Action!: exercicios en parellas para practicar a gramática vista na sección.

Vocabulary

- Partes do corpo. Algúns plurais irregulares con partes do corpo (*foot > feet*).
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.
- *Action!*: exercicio relacionado cos animais e as partes do corpo.

Reading

- Lectura dunha reseña dunha guía de televisión sobre a axuda duns golfinhos a uns pescadores.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- *Science*: Canto sabes sobre os golfinhos? Datos curiosos.
- *English in Action!*

Listening

[Escribir texto]

- Comprensión oral dunha conversa sobre os animais do zoo.
- Realización de varios exercicios sobre a comprensión da conversa e as opinións dos alumnos sobre o tema.

Speaking

- Interacción oral entre os compañeiros/as para falar sobre animais empregando axeitadamente as partículas interrogativas e o vocabulario visto na unidade.
- *Pronunciation*: entoación das frases.
- *Action!*: exercicio en parellas para practicar mediante diálogos e a través dos resultados dunha enquisa o tema visto na sección.

Writing

- Lectura dun informe sobre un animal e análise da súa estrutura mediante a realización dun exercicio.
- *Writing Help*: lectura de como empregar axeitadamente os sinais de puntuación.
- Preparación antes de escribir un informe sobre un animal empregando axeitadamente os sinais de puntuación.
- Producción dun informe sobre un deporte seguindo os pasos vistos con anterioridade.
- Realización de varios xogos e tarefas para practicar o inglés aprendido na unidade.
- Comprensión oral e escrita dun artigo sobre animais asombrosos e realización dun exercicio sobre o texto escoitado.
- *Did You Know?*: datos curiosos e interesantes sobre o coñecemento do mundo animal.
- Comprender o significado de frases feitas que se empregan na lingua relacionadas con animais.

c) Competencias clave

Comunicación lingüística:

- *Vocabulary*, emprego de vocabulario relacionado cos animais e as partes do corpo.
- Listening, comprensión oral dun inquérito para elixir un animal de compañía e unha conversa sobre animais do zoo.

[Escribir texto]

- *Speaking*, emprego da lingua inglesa para falar e describir animais.
- *Reading*, comprensión escrita dunha páxina web sobre unha historia inusual entre unha modelo e o océano e dun texto sobre os xerbos.
- *Grammar*, uso do Present Simple (negativa, interrogativa e respostas curtas).
- *Pronunciation*, das partículas interrogativas e entoación ascendente e descendente nas frases.
- *Writing*, expresión escrita dun informe sobre un animal, empregando as expresións e o vocabulario axeitados. Reflexión sobre a puntuación.
- *Self-Evaluation* da unidade.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

- *Reading*, importancia da cura e protección dos animais do océano.

Competencia dixital:

- *Vocabulary*, as enciclopedias en rede.
- *Writing*, mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao escolmar e facer uso da información e as súas fontes.
- Uso das imaxes e os textos que aparecen ao longo da unidade para poder realizar os exercicios que se formulan.
- *Everything English Video*. Práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional.

Competencias sociais e cívicas:

- *Speaking*, respecto polas quendas de palabra e as rutinas da clase. Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria diante da información que se presenta e diante das interaccións na aula.
- *Vocabulary*, o animal de compañía como responsabilidade individual.

Conciencia e expresións culturaiss:

- *Environment*, aprendizaxe de información sobre diferentes animais extintos e en perigo de extinción.
- *Culture* aprendizaxe de datos curiosos e sorprendentes das serpes, as vacas, os elefantes, os golfinhos e os cans.

[Escribir texto]

Aprender a aprender:

- *Be the Teacher, Check Your Progress e Self-Evaluation*. Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos. Reflexión sobre os propios éxitos e fracasos.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

- *Speaking*, uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos fornecidos.
- *Writing*, uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos que se fornecen. Desenvolvemento organizativo para presentar un traballo escrito.

Fomento do traballo cooperativo na aula.

d) Temas interdisciplinares

Bioloxía e xeoloxía:

- Información sobre varios animais extintos e en perigo de extinción.
- Alerta sobre o tigre siberiano en perigo de extinción.
- A sociabilidade dos golfinhos.

Valores éticos:

- Respetto polo coidado e a protección do mundo animal.
- Valoración da escolla dun animal de compañía.
- Importancia de manter unha actitude de respecto co profesor/a e cos compañeiros/as da clase.
- Aprendizaxe e respecto polas quendas de palabra dentro e fóra da aula.

Lingua e literatura:

- O *Present Simple* en negativa e interrogativa

[Escribir texto]

Tecnoloxías:

- As enciclopedias en rede como fonte de consulta e información.
- A páxina web.

UNIDADE 4: AROUND THE HOUSE

a) Obxectivos

- Aprender vocabulario relacionado coa casa e coas tarefas do fogar.
- Ler de xeito comprensivo e autónomo un folleto dun museo onde se expoñen maquetas de casas en diferentes períodos da historia e unha entrada de blog sobre as tarefas do fogar e os adolescentes.
- Practicar o uso do *Present Continuous* e contrastalo co *Present Simple*.
- escoitar e comprender unha conversa sobre a descrición dun cuarto e outra sobre as actividades que están a facer dúas familias na súa casa.
- Describir unha casa e diversas ilustracións.
- Escribir unha descrición das tarefas que están a facer os membros dunha familia na súa casa, reparando na orde das palabras.
- Identificar e pronunciar axeitadamente a terminación *-ing* dos verbos.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- A casa e a moblaxe.
- Comprensión e expresión oral de diferentes tipos de moblaxe.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.
- Action!: exercicio en parellas para practicar o vocabulario visto na sección.

Listening

[Escribir texto]

- Comprensión oral de varias conversas sobre dormitorios e moblaxe.
- Contestar varias preguntas relacionadas cos diálogos que se escoitaron.

Speaking

- *Useful Language*: práctica da linguaxe para falar sobre cuartos e moblaxe (*How many rooms has it got?, What's in the living room?*)
- Realización dun exercicio de comprensión oral sobre a casa.
- *Action!*: exercicio en parellas para practicar mediante diálogos o tema visto na sección.

Reading

- Lectura dun folleto dun museo onde se expoñen maquetas de casas en diferentes períodos da historia.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- *History*: descifrar un código numérico e alfabético para descubrir o nome dunha cidade.

Grammar

- Expresión de accións en curso en *Present Continuous* en afirmativa, negativa, interrogativa, e respostas curtas.
- Contraste entre o *Present Simple* e o *Present Continuous*. Uso de diferentes expresións temporais ao usar un e outro tempo verbal.
- Emprego axeitado da gramática que se viu ao longo da sección a través de distintas tarefas.
- *Geography*: fusos horarios.
- *Grammar in Action!*: exercicios en parellas para practicar a gramática vista na sección.

Vocabulary

- Tarefas do fogar.
- Comprensión e expresión oral das tarefas do fogar.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.

[Escribir texto]

Reading

- Lectura dunha entrada dun blog sobre os adolescentes e as tarefas do fogar.

Listening

- Comprensión oral das actividades que están a realizar os personaxes de dúas ilustracións.
- Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre as conversas.

Speaking

- Pronuncia axeitada das contraccións das partículas interrogativas con “is”.
- Relacionar as respostas coas súas correspondentes preguntas oralmente.

Writing

- Análise da estrutura dos contidos dun texto descritivo dunha ilustración.
- *Writing Help*: lectura de como organizar un texto empregando conectores de secuencia.
- Preparación antes de escribir un texto descritivo de fotografías ao practicar a estrutura e a linguaxe típicas a través da realización de varios exercicios.
- *Writing in Action!*: produción dun texto para describir unha fotografía seguindo os pasos que se viron con anterioridade.
- *Health*: calorías que se queiman ao facer as tarefas do fogar.
- Realización de varios xogos e actividades para practicar o inglés aprendido na unidade.

c) Competencias clave

Comunicación lingüística:

- Vocabulary, emprego do vocabulario relacionado coa casa (partes e moblaxe) e coas tarefas domésticas.

[Escribir texto]

- Grammar, emprego do *Present Continuous* (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas curtas), do contraste co *Present Simple*, e as regras ortográficas para engadir a terminación –ing aos verbos en Present Continuous.
- Listening, comprensión oral dunha conversa sobre a descrición dun cuarto e outra sobre as actividades que están a facer dúas familias na súa casa.
- Reading, comprensión escrita dun folleto dun museo onde se expoñen maquetas de tipos de casas ao longo da historia, unha entrada de blog sobre as tarefas domésticas e os adolescentes, varios parágrafos sobre casas de aparencia futurista e un texto sobre casas feitas con colectores de mercadorías.
- *Pronunciation*, pronuncia da terminación –ing dos verbos en *Present Continuous*. Pronuncia da contracción das partículas interrogativas con “is”.
- *Writing*, expresión escrita dunha descrición dunha imaxe reparando na orde das palabras.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

- *History*, descifrar un código numérico e alfabético para pescudar o nome dunha cidade
- localización de países nun mapa.
- *Geography*, aprendizaxe e cálculo dos fusos horarios.
- *Health*, reflexión sobre a perda de calorías realizando actividades cotiás.
- *Culture*, interese por coñecer diferentes modelos de casas de aparencia futurista.

Competencia dixital:

- *Speaking*, respecto pola normas de conduta en interaccións na clase co profesor/a ou cos compañeiros/as ao empregar a información e as súas fontes.
- *Writing*, mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar a información e as súas fontes.
- Uso das imaxes e os textos que aparecen ao longo da unidade para poder realizar os exercicios que se formulan.

[Escribir texto]

- *Everthing English Video*. Práctica da comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional.

Competencias sociais e cívicas:

- *Reading*, responsabilidade por parte dos adolescentes á hora de realizar as tarefas domésticas. Valoración da cooperación na casa.
- *Speaking*, respecto polas quendas de palabra e as rutinas da clase.

Conciencia e expresións culturais:

- *Reading*, maquetas que reproducen a arquitectura das primeiras casas de diferentes períodos da historia: Turquía, Grecia e Exipto.
- *Culture* o deseño inusual e sorprendente de diversas casas de

Aprender a aprender:

- *By the Teacher!*, *Check Your Progress e Self-Evaluation*. Reflexión sobre os propios éxitos e fracasos.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

- *Speaking*, uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos fornecidos. Fomento do traballo cooperativo na aula.
- *Reading*, mostra do sentido crítico diante das informacións culturais que se presentan.
- *Writing*, uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos que se dan. Desenvolvemento organizativo para presentar un traballo escrito.
